VIII CERTAMEN LITERARIO

Concello de Ames

narrativa e poesía

VIII Certame Literario

Concello de Ames

VIII Certame Literario

Concello de Ames

Textos premiados na edición do ano 2011

Concello
de AMES

© Concello de Ames

Edita:
Concello de Ames
Praza do Concello, 2. Bertamiráns
15220 Ames. A Coruña

Maquetación:
Culturaplus 2012

Depósito Legal: C-707-2012

LIMIAR

Non se me ocorre, para iniciar este LIMIAR outra máxima que a latina *Tempus fugit.* Efectivamente "o tempo foxe", pois parece que fora onte cando aparecía o libro que recollía os traballos do primeiro certame e xa pasaron oito anos, xa que neste momento estamos prologando os traballos premiados en 2011. Espero que, co paso dos anos, medre a ilusión e a participación, porque será sinal de que o uso do galego aumenta e de que, cada vez que celebramos un certame destes, estamos contribuíndo á normalización do uso do noso idioma. Permitídeme, ao menos, pensar que as cousas son así. A quen temos responsabilidades de goberno cómprenos, de vez en cando, ter a ilusión de que as cousas son como pensamos ou, mellor, como quixeramos que fosen, interpretando o sentir das maiorías.

Creare liberos nos facit. Non quero entrar en debate, pero, sen dúbida, unha das características que fan o ser humano libre é a capacidade para crear. Relatar historias, verdadeiras ou ficticias, expresar sentimentos, e mesmo trasladar aos semellantes información ou compartila é unha axuda inestimable para exercer a nosa liberdade, así que, se nós, con este tipo de certame, incentivamos a necesidade de sentirse a persoa un individuo creador, estamos axudando a que os cidadáns sexan máis libres, ofrecéndolles a posibilidade de seren creadores de mundos novos, imaxinados ou reais, pero novos.

Todos aqueles que hoxe deixan neste libro as súas sensacións, as súas realidades, feitas poemas ou relatos en prosa, deben sentir a liberdade de quen crea seguindo os designios da súa propia vontade. Debedes ter a seguridade de que non só vós estades sendo libres, senón que tamén nos estades facendo máis libres a nós que vos lemos. A arte libera a quen a crea, pero tamén a quen a goza.

Pero cando creamos non o facemos só para nós. Algo de egoísmo hai en quen non quere gardar para si todo aquilo que fai,

todo aquilo que escribe e, ademais, non tería sentido privar os semellantes de compartir as realidades creadas, así que a ilusión de todo escritor, como creador que é, debe ser ver a súa obra impresa. O Concello de Ames quere contribuír, con esta edición, a que esa ilusión se faga realidade. Non sei se faremos toda a xustiza que vos merecedes os autores, pero queremos intentalo, así que agardamos poder contribuír a facervos a todos máis felices.

Por último quixera dirixirme aos lectores recomendándolles o goce destes traballos. Podedes lelos coa seguridade de que ides gozar da lectura, buscade o momento, a situación, o tempo, ou, sen máis, lédeos cando vos caian nas mans que non vos ides arrepentir.

Alfonso Rey López
Concelleiro de Cultura, Educación e Patrimonio

TRABALLOS PREMIADOS

NARRATIVA

1ª CATEGORÍA *(ata os 13 anos)*

1º premio:
- Título: *Cun abrir e pechar de ollos*
- Autora: **Marta Redondo Porto** (Fluorescente)

2º premio:
- Título: *Don Pepe – Vía Teléfono*
- Autora: **Carmela Vieites Figueiras** (Estrela de mar)

3º premio:
- Título: *O elfo Martiño*
- Autora: **Julia Ramos Freire** (A elfa dos contos)

2ª CATEGORÍA *(dos 14 aos 18 anos)*

1º premio:
- Título: *Zume con cabezas*
- Autor: **José Ismael Ramos Castelo** (Citron)

2º premio:
- Título: *Porcións*
- Autora: **Lara Porto Mato** (Shiva)

3º premio:
- Título: *Relato dunha adolescente pechada*
- Autora: **Beatriz Pérez Lista** (Rosa negra)

3ª CATEGORÍA *(máis de 18 anos)*

1º premio:
- Título: *Selección persoal*
- Autor: **Xesús Manuel Valcárcel** (Defensa da memoria)

2º premio:
- Título: *O voto da escultora*
- Autor: **Lois Pérez Díaz** (Rocco Varela)

3º premio:
- Título: *Proxeccións*
- Autora: **María Xosé Ónega Folgueira** (Sol Morno)

TRABALLOS PREMIADOS

POESÍA

1ª CATEGORÍA (ata os 13 anos)

1º premio:
- Título: *17*
- Autora: **Marcela Porto Mato** (Pentágono)

2º premio:
- Título: *O meu lugar especial*
- Autora: **Marta Redondo Porto** (Fluorescente)

3º premio:
- Título: *Estrelas*
- Autora: **Claudia Johanna Quintans Vinke** (Caléndula)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 18 anos)

1º premio:
- Título: *Da vez que fomos poetas*
- Autor: **Ismael Ramos Castelo** (Plath)

2º premio:
- Título: *Infindo*
- Autora: **Alexandra Padín González** (Lydia Vance)

3º premio:
- Título: *Mare*
- Autora: **Lara Porto Mato** (Cabaliño de buxo)

3ª CATEGORÍA (máis de 18 anos)

1º premio:
- Título: *Desexo*
- Autora: **Natalia Alonso Ramos** (Óbice)

2º premio:
- Título: *Atraídos por un choque de feromonas*
- Autora: **Cruz Martínez Vilas** (Vagalume)

3º premio:
- Título: *Amantes de maínzo*
- Autor: **Xosé Daniel Costas Currás** (Johán Lourido)

XURADO

O xurado do *VIII Certame Literario Concello de Ames* estivo formado polas seguintes persoas:

Carlos Negro Romero (escritor e profesor)
Mariña Pérez Rei (escritora e profesora)
Armando Requeixo Cuba (escritor e crítico literario)

En representación do Concello de Ames, actuou como secretaria do xurado Rosa Moreiras Cuñarro (técnica de Normalización Lingüística).

ÍNDICE

Narrativa..... 15
-*Cun abrir e pechar de ollos,* Marta Redondo Porto 17
-*Don Pepe – Vía Teléfono,* Carmela Vieites Figueiras 25
-*O elfo Martiño,* Julia Ramos Freire 31
-*Zume con cabezas,* José Ismael Ramos Castelo 37
-*Porcións,* Lara Porto Mato 43
-*Relato dunha adolescente pechada,* Beatriz Pérez Lista 49
-*Selección persoal,* Xesús Manuel Valcárcel..... 55
-*O voto da escultora,* Lois Pérez Díaz 63
-*Proxeccións,* María Xosé Ónega Folgueira 73

Poesía..... 79
-*17,* Marcela Porto Mato 81
-*O meu lugar especial,* Marta Redondo Porto 85
-*Estrelas,* Claudia Johanna Quintans Vinke 89
-*Da vez que fomos poetas,* Ismael Ramos Castelo..... 93
-*Infindo,* Alexandra Padín González 101
-*Mare,* Lara Porto Mato 105
-*Desexo,* Natalia Alonso Ramos 109
-*Atraídos por un choque de feromonas,* Cruz Martínez Vilas 115
-*Amantes de maínzo,* Xosé Daniel Costas Currás 119



Narrativa

Cun abrir e pechar de ollos

Marta Redondo Porto *(Fluorescente)*



1º premio da 1ª categoría

Acabábame de levantar. Era domingo pola mañá, un domingo coma outro calquera, no que podes levantarte tarde, andar en pixama pola casa, ver a tele ata a hora de comer… Pero este domingo non ía ser de todo normal para min.

Xa rematara de almorzar e estaba aburrida. Ocorréuseme que podía ir visitar a miña mellor amiga Laura, que vive no quinto piso. Pregunteille á miña nai se podía ir, e ela díxome que si, pero se volvía antes da hora de comer. Dirixinme leda á habitación e vestinme nun abrir e pechar de ollos.

Podería ir polas escaleiras, non son tantas (vinte e sete en total), mais, empurrada pola preguiza collín o ascensor. Este era vello e pequeno, e, se te fixabas, podíanse apreciar algunhas manchas de humidade no teito. Marquei o cinco. As portas pecháronse e o ascensor comezou a subir. De súpeto, as luces puxéronse a escintilar. O ascensor comezou a subir máis e máis de présa. Estaba moi asustada. Xa remataran os pisos, e o ascensor seguía subindo. De súpeto parou. Caín contra unha das súas paredes e logo ao chan magoando unha perna. Pechei os ollos moi forte e unha bágoa esvaroume pola meixela. Doíame moito e non era capaz de me erguer. Cando logrei abrir os ollos, aínda cheos de bágoas decateime de que non estaba no ascensor. Atopábame enriba dun chan pegañento e marrón. Era de chocolate!! Mirei ao meu arredor, dándome conta de que estaba nunha especie de mundo de gominolas, chocolates, caramelos … Había toda clase de larpeiradas … Vaia, quero dicir toda clase de cousas feitas de larpeiradas. Dende o chan que era de pastillas de chocolate ata as nubes que eran de algodón de azucre. Ata os seus habitantes estaban feitos de doces. Tiñan o corpo de mazapán, os ollos de brillantes caramelos e a boca de vermello regaliz. Tentei erguerme, mais non puiden. O ascensor xa non estaba, pero o golpe que levara na perna seguía aí. Como estaba non chan, que vos recordo que era de chocolate, tiña as mans todas pegañentas. Pegueille unha

lambetada á man dereita e logo á esquerda. Hum … Que bo estaba. Tentei erguerme de novo agarrándome a unha árbore que había preto de min. Agarreime ao seu tronco feito de turrón, e Ai! … Tres ou catro cousiñas pequenas e duras golpeáronme na cabeza. Eran caramelos! Desprendéranse da árbore ao cargarme nela. Collinos e metinos no peto. Abaneei a árbore por se caían máis, pero como non foi así volvino a intentar de novo, conseguíndoo desta volta. Movín a modo o pé. Xa non me doía tanto e pensei: "Como chegara ata alí?" "Como volvería á casa?" Intentei lembrar o último que fixera antes de chegar alí … Pechar os ollos! "Bah! Seguro que non é iso", pensei, pero non perdía nada por intentalo. Así que pechei os ollos moi forte, e cando os volvín a abrir … sentín un calafrío. O que antes fora unha árbore de caramelos agora era un sinal que poñía: "Benvido a Xeolandia".

-Ai mi madriña, conseguirao! Só con pechar os ollos podía trasladarme a un mundo distinto. Nunca vira nada parecido!

Estaba nun mundo de xeo e neve. Era un sitio moi chan onde había moitas casas, todas dunha soa planta e moi semellantes. No medio delas levantábase maxestoso, un gran castelo de xeo.

A perna apenas me doia e xa podía andar. Dirixinme a unha casa para informarme de quen vivía en tan enorme castelo e de paso a ver se me podían prestar un xersei, porque aquilo en vez de chamarse Xeolandia tíñase que chamar Fríolandia, pois alí facía un frío que metía medo.

Chamei á porta dunha das casas. Esta abriuse renxendo. Eu pensei que nesa casa vivía unha persoa normal e corrente coma min máis trala porta había un gordiño e abrigado boneco de neve con mirada triste, que tras mirarme de arriba abaixo preguntou estrañado:

-Que es?

-Unha nena. Que vou ser? -Contesteille indignada.

Tras mirarme atentamente esbozou un sorriso.

-Xela, corre! Ven ver isto! -Dixo.

Unha boneca de neve moi coqueta apareceu tras a porta. Esta non tardou en dicir sorprendida:

-É ela? É a elixida?

-Si é ela. A que é moi bonitiña?

-Dende logo que si. -Contestou ela-. Chámaste Clara non si?

-Si, pero... como sabedes o meu nome?

-É pola profecía. -Contestoume el.

De non ser porque tiña o pé malo naquel mesmo momento botábame a correr ou pechaba os ollos e hala!… pero non sei por que, non o fixen. Tiña un presentimento.

-Pasa, pasa -díxome a boneca-. Continuaremos a conversa dentro, que aquí vai demasiado frío.

-Non teñas medo, non che imos facer dano. -Seguiu el-. Chámome Boladeneve e ela Xela.

Pasei. A casa era máis grande do que parecía. Era absolutamente todo de xeo: o chan, as alfombras, as lámpadas, as camas, os coxíns … Agás a roupa que levaban os bonecos de neve, era todo de xeo. Leváronme ao salón. Sentei nun sofá moi incómodo e frío, pois tamén era de xeo.

Boladeneve e Xela foron moi amables comigo. Déronme un xersei e vendáronme o pé, pois notaron que estaba un pouco coxa.

-Moitas grazas por todo isto pero creo que debería marchar. -Díxenlles.

-Non podes marchar. Es a elixida! -Dixeron ao unísono.

-Que é iso da elixida ?

Miráronse e Xela dixo:

-Vou por unhas pastiñas para acompañar mentres cho contamos, é unha historia moi longa.

Contáronme que era iso da elixida, quen vivía no castelo e toda esa longa historia:

-Hai moito tempo en Xeolandia todos os bonecos e bonecas de neve estaban ledos e quentiños, grazas a un chocolate quente que preparaba o tatara tatara tatatra tatara avó da actual raíña, a fermosa Nevebranca, que era a que vivía nese xigantesco castelo -comezou Boladeneve.

-Un día Xeladio III o tatara tatara tatara tatara avó de Nevebranca morreu, levando consigo a receita do chocolate. -Seguiu Xela-. Tras a morte de Xeladio ninguén volveu estar ledo e quentiño.

-Por iso estades tan abrigados? -preguntei.

-Si. Se tiveramos ese chocolate, non necesitaríamos tanta roupa -dixo el.

-Pero non está todo perdido. Hai unha profecía. Esta di que un día unha rapaza chamada Clara chegará a Xeolandia e preparará un chocolate quente no pazo da raíña que será aínda mellor que o de Xeladio -dixo entusiasmada Xela.

-E esa rapaza tés que ser ti! -continuou Boladeneve.

-Non teño porque ser eu, pode ser outra rapaza calquera que tamén se chame Clara.

Estivemos moito tempo discutindo. Ao final convencéronme, e como xa anoitecera, a bondadosa parella ofreceume pasar alí a noite, na súa casa. Se vos digo a verdade, é que esa noite non

durmín moi ben, pois non é que se estea moi a gusto nun colchón de xeo.

Á mañá do día seguinte encamiñeime cara o castelo. Subín moitísimas escaleiras, e cando por fin cheguei arriba chamei ao portón. Abriume unha doncela e preguntoume:

-Que desexa?

-Gustaríame entrar a falar coa raíña, se fai o favor. É un asunto importante.

Deixoume pasar, e levoume ata onde a raíña. Fíxome pasar a un salón circular. Era precioso. Nunha cadeira de brazos á dereita da sala estaba sentada unha boneca de neve. Era a raíña Nevebranca, que estaba chorando.

-Ola… son Clara -dixen.

-Clara? Es ti? A nena da profecía? -dixo a raíña cun sorriso de orella a orella, mentres secaba as bágoas cun pano.

-Iso me dixeron. Eu non creo que o sexa, pero ...

-Só hai unha maneira de sabelo -interrumpeume.

Colleume da man e conduciume ata as cociñas do pazo. Xa alí díxome:

-Colle o que che faga falta e… mans á obra.

Logo marchou deixándome soa na cociña. “Boto de menos á miña familia. Se por min fora xa estaba de volta na casa, pero non podo abandonar os habitantes de Xeolandia”, pensaba desolada. “Ademais eu nunca fixera un chocolate quente. É máis … eu nunca cociñara. Ben, será mellor que empece canto antes”.

Dúas horas despois xa rematara. Non sei como fixera, pero aquilo estaba delicioso. Deixei anotado nun papel os ingredientes.

Mentres o facía estiven pensando en mamá e papá. Seguro que estaban moi preocupados por min. Díxenlles que volvía á hora de comer, e… si, era a hora de comer… pero do día seguinte.

Leveille o chocolate á raíña. Bebeuno enteiro dun só grolo e despois lambeu os beizos. “Debeulle encantar”, pensei. Nada máis bebelo quitou o chaquetón e dixo felizmente:

-Está delicioso. É mellor aínda ca o do meu tatara tatara tatara tatara avó Xeladio! Haillo que facer saber a todo o reino.

Dous días despois xa todo o reino estaba ledo e quentiño. Estaba satisfeita co meu traballo.

-Agora debo marchar, -díxenlle á raíña-, boto de menos a miña familia.

-De acordo, respecto a túa decisión pero botarémoste en falta. Moitas grazas pola túa axuda.

Pechei os ollos todo o forte que puiden, confiando en que cando os volvera a abrir estaría na miña casa, mais cando os volvín a abrir escoitei:

-Mirade! Está abrindo os ollos. Pódesme ver, meu amor?

Era a voz do meu pai. Estaba no hospital. Todo iso de Xeolandia e o mundo dos doces …. Fora froito da miña imaxinación. O do ascensor non, iso fora verdade. Empezara a subir á presa e pararase de súpeto porque estaba avariado. Entón cando caín quedei sen sentido.

Ese si que non fora un domingo coma outro calquera!

Don Pepe – Vía Teléfono

Carmela Vieites Figueiras *(Estrela de mar)*



2º premio da 1ª categoría

Don Pepe estaba na súa casa cando de súpeto o estrondo do teléfono irrompeu no silencio da casa.

-Quen é? Don Pepe ao teléfono.

-Bos-Días-son-eu. –respondeu unha voz estridente e entrecortada.

-Eu quen?!?

-Eu-e-quero-venderlle-lavadoras.

-Non me interesa, moitas grazas.

Don Pepe colgou o teléfono un pouco amolado pensando que lle acababan de gastar unha broma, pero o teléfono volveu soar.

-Bos días, don Pepe ao teléfono –dixo resignado.

-Compre-as-nosas-lavadoras-son-de-cali…

Don Pepe colgou bruscamente o aparello e relaxouse, pois el era algo irritable. Cando xa case estaba tranquilo, o teléfono, por terceira vez, comezou a soar de novo.

-"RING", "RING".

-NON QUERO LAVADORAS!!! –berrou don Pepe.

-Vostede está ben? –respondeu unha voz moi educada e bastante diferente á de antes.

-Ah! Perdón! Sii?

-Eu chamo para avisalo de que teña coidado co teléfono, porque a "febre do teléfono comellón" estendeuse pola cidade.

-Ah! Pois nada, terei coidado, moitas grazas.

Don Pepe observou o teléfono con curiosidade. Que sería iso da "febre do teléfono comellón"? Nunha destas soou o teléfono

e… don Pepe botou fume polas orellas ao descolgar e escoitar a voz do vende-lavadoras.

-Quee queeere!? –dixo don Pepe conténdose.

-Vende…

O teléfono colgouse só, abriu unha graan boooca, e…

Don Pepe asustouse moitísimo, pois o teléfono comezou a facerse máis e máis grande.

E de súpeto, a voz estridente do vende-lavadoras saíu polo auricular.

-Escóiteme-escóiteme-son-de-ca… li… da… de…

O teléfono viuse abouxado pola voz do vende-lavadoras e cada vez íase facéndo máis pequeno, mais o vendedor comezaba a pensar que non había ninguén na casa e por iso berraba cada vez menos, entón o teléfono volvía a crecer, pois aos teléfonos molestábanlle moito as voces estridentes e cando as escoitaban empequenecían.

-BERRA, BERRA… SI… QUERO LAVADORAS!!!

-Ah! Si-que-hai-alguén! Mandareille-todas-as-lavadoras-do-mundo! –dixo o vendedor emocionado.

O teléfono foise encollendo ata quedar co seu tamaño normal. Don Pepe foi á cociña e colleu unha das gaiolas de canarios que lle regalara a súa tía Canara (unha obsesionada dos canarios). Colleu unha ao chou e cun áxil movemento, ben, non tan áxil, meteu o teléfono na gaiola e cerrou con chave. Buscou na guía telefónica e, nun recuncho pequeño poñía:

MANOLO PEREIRA
EDUCADOR DE TELÉFONOS SALVAXES
Tfno. 564555543

-O que necesito! –pensou don Pepe. Mais para iso necesitarei chamar por **algo…** Ah!, xa sei, chamarei dende a rúa, dende unha cabina telefónica!

Don Pepe saíu á rúa e o espéctaculo que viu foi aterrador. Había cabinas telefónicas correndo detrás da xente coas bocas tan abertas como o seu tamaño. Volveu para arriba, colleu a guía telefónica, mirou o enderezo do vende-lavadoras (que se chamaba Perico) e abriu a lacena onde tiña as gaiolas da súa tía. Nese intre caéronlle todas enriba. Colleu as que puido e dirixiuse á casa de Perico. Cando chegou, contoulle a sua idea: coa voz estridente de Perico farían máis pequenos todos os teléfonos e despois meteríanos nas gaiolas. Así foron capturando todos os teléfonos e así Pepe e Perico fóronse facendo amigos. Leváronllos todos a Manolo Pereira para que os educase e entre todos intentaron que todo volvese á normalidade, colocando as cabinas no seu lugar, devolvéndolles os teléfonos ao seus donos, etc.

E pouco a pouco xa se olvidaran todos de todo. Todos? Non. Todos non. Perico e Pepe nunca esquecerían ese día, porque coñeceran un novo amigo, é dicir, coñecéranse un ao outro e aínda que ao principio non se levaban moi ben, descubriron que eran moi amigos e dende aquela, á parte de ser inseparables son os…

CAZATELÉFONOS

O elfo Martiño

Julia Ramos Freire ***(A elfa dos contos)***



3º premio da 1ª categoría

Había unha vez un país moi, moi afastado. Alí vivían só elfos. Eran todos moi bos. Ata que un día chegou un elfo malísimo co seu fillo Tomasín. Unhas semanas despois, morreu o Rei Elfo. Estaban todos moi tristes, os nenos, os mozos, a xente maior, todos os noventa e seis habitantes tristes. A tristeza aumentou porque nomearon rei ao elfo que viñera hai tempo co seu fillo Tomasín.

O elfo falou e dixo: "Chámome Elfón. Moitísimas grazas por proclamarme Rei. Veña, todo o mundo a traballar¡" "O Rei Elfón sentíase só co seu fillo Tomasín. Decidiu casar. Enviou cartas a todas as elfas casadeiras, para facer unha proba".

O día da proba, había elfas louras, baixas, altas... A proba consistía en deletrear o nome do rei elfo H E L F O N dicían algunhas, E L F O M dicían outras.

Pero só unha deletreou o nome correctamente. Era unha elfa malvada coma o Rei Elfo. E chamábase Elfira. O elfo rei contento dixo que a voda ía ser dentro de tres meses.

A voda foi moi bonita. Había moita xente e moita comida e pasárono moi ben no banquete. Logo decidiron ter un fillo. Pasaron cinco meses e dixéronlle a Tomasín que ía ter un irmán. A Tomasín non lle gustou moito a idea. El quería ser o único fillo para ter moitas cousas que só foran del. Cando naceu o elfiño bebé, chamáronlle Martiño. O Rei Elfón cada vez daba máis ordes. Todo o mundo quería a Martiño pola súa bondade e o gran corazón que tiña. Toda a xente dicía: "Ai, Martiño, non te pareces nada a túa familia!" ou dicían: "Ai, Martiño, que bo es!".

Martiño foi medrando coas ordes do seu pai, a maldade da súa nai e os celos de Tomasín. Un día, cando os irmáns elfos eran xa maiores, o seu pai díxolles: "Xa sodes maiores e tendes que casar".

O Tomasín e o Martiño buscaron e buscaron…… Ata que atoparon unha elfa moi guapa. Era loura, alta e tamén era moi delgada. E foron preguntarlle con quen dos dous quería casar. Tomasín dixo : “Ola, Cómo te chamas?”, “Chamome Elsa”, díxolle a elfa. “Con cal de nós queres casar ?”, preguntáronlle os dous irmáns elfos á vez.

A elfa, a que xa lle falaran de Martiño e de que tiña un bo corazón, dixo : “Quero casar con Mart…”. “Xa sei, faremos unha carreira para ver quen é o mellor”, interrompeu Tomasín celoso. A Martiño e a Elsa gustoulles a idea. Ao Rei Elfón, tamén lle gustou a idea e chamou a todo o país para dicirlle a noticia e tamén dixo o día que sería a carreira.

A carreira sería dentro de cinco días. Martiño e Tomasín practicaban para a carreira. A xuíza, sería Elsa. O Rei Elfón e a Raíña Elfira, apoiaban a Tomasín. O día da carreira estaban todos moi nerviosos. A elfa Elsa deu a saída, e os dous elfos botaron a correr.

Correron polo monte. Tomasín ía diante de Martiño. Había unha fada ferida e Tomasín pasou diante dela. Despois, pasou Martiño e axudouna. “Grazas”, dixo a fada. Mentres tanto, Tomasín viu unha cría de dragón chorando e non lle fixo caso. Máis tarde, pasou por alí Martiño e preguntoulle ao dragonciño que lle pasaba. O dragón díxolle que se perdera e que non encontrara aos seus pais. O elfo tardou dous días en atopar aos pais do dragón e estes déronlle as grazas a Martiño.

Cando Martiño chegou á meta, Tomasín xa estaba alí. A xuíza Elsa dixo que o gañador era Martiño. “Pero cheguei eu antes!” dixo Tomasín. “Xa o sei”, dixo Elsa. “Pero díxome unha fada que tiña unha ferida e el a axudara e ti, non. E tamén, os pais dun dragón, dixéronme que o seu fillo dragón se perdera e que Martiño o axudara e ti non. E despois a fada e os dragóns

dixéronme que Martiño tiña que gañar porque se portara moi ben con eles".

" Urra, urra, urra!", dixeron todos os noventa e seis habitantes. Tomasín, o Rei Elfón e a Raiña Elfira, marcharon moi moi lonxe coa vergoña. E Elsa e Martiño casaron. Foi unha voda moitísimo mellor ca dos pais de Martiño.

Meses despois, tiveron dous fillos xemelgos. Ao neno, chamáronlle Saltarín e á nena, chamáronlle Saltarina. E os catro felices comeron perdices.

REMATOU

Zume con cabezas

José Ismael Ramos Castelo *(Citron)*



1º premio da 2ª categoría

a meu pai,
fonte inesgotable de humor

-Necesito uns calcetíns de meu -foi todo canto dixen. Podo xurar que foi todo canto dixen. Só iso, que quería un par novo de calcetíns. Nin sequera dixen de que marca, de que cor, de que textura suave que gardase a calor e cos que puidese camiñar descalzo os quería, nin sequera.

Logo deches media volta e comezaches a berrar coma unha tola, a falar de tempo e lugares persoais. Como se naquel piso non houbese sitio de sobra. E desexei con todas as miñas forzas quedar limitado á superficie da baldosa que me sostiña. De súpeto rompiches a chorar porque eu non falaba, porque eu nunca tiña nada que dicir, porque eu nunca nada dixera naquela relación. Chorabas porque foras ti quen escollera a cor das paredes, o forro dos coxíns, a marca branca de café. E tiñas razón, e quizais porque tiñas razón eu non dixen nada despois, cando paraches para respirar e me fitaches agardando algo, quizais a aparición estelar dunha amante, a confesión dunha dobre vida, dunha identidade secreta ou o meu número de carné na asociación de gays e lesbianas. Pero eu quedei calado. Asentín e permanecín estático con esa cara de parvo que a un lle queda cando sabe que o peor está por vir e non pode evitalo.

Volviches berrar. Moito, moitísimo. E eu só podía pensar como o teu corpiño, tan pequecho nas miñas mans, lograba aguantar chorando e falando a un tempo sen se deshidratar, mantendo a lingua lubricada e con aqueles lagrimóns salgados corréndoche xa pescozo abaixo. De onde demos saía tanta auga?

Fixeches a maleta e marchaches. Marchaches cuberta de quietude tras aquela última portada, ratantanchán final dunha complicadísima sinfonía barroca. E esa noite ningunha mensaxe no contestador. Nada. Cero.

Dúas semanas despois teu irmán veu buscar o resto de posesións: a torradora, os xabóns ecolóxicos de granxa, as toallas, sete bolsiñas de té vermello, os teus calcetíns pequeniños do trinta e cinco e medio bote de deterxente. E con elas marchou tamén o teu apéndice nesta casa, a cor das paredes, os forros dos coxíns, cobrou nome e caducidade a marca branca de café.

As dúas primeiras semanas boteite de menos. Sobre todo na cama. Non me entendas mal, non foi por razóns sexuais, máis ben por razóns de espazo. De exceso de espazo. Xa me acostumara a ter a miña parcela, ó contacto amable dos nosos lombos que as delimitaban, ó son musical da túa respiración, ó teu alento horrible polas mañás.

As dúas primeiras semanas durmín de pé. No espazo que quedaba entre a parede e a neveira. Durmín sentindo a calor agarimosa do seu motorciño, arrolado polo ruído da refrixeración.

Un día acabouse a comida. A verdade é que non sei ben cando. Deixara de contar o tempo desde que se acabara a pila do reloxo do comedor. Ti eras a que recordaba facer ese tipo de cousas. Fun ó supermercado e merquei todo o necesario, o imprescindible: leite, auga, vodka, zume de laranxa, media sección de precociñados e dous paquetes de cereais moi azucrados cun crocodilo ninja pintado por fóra.

Despois volvín á casa, collín as tesoiras enormes que ti usabas para limpar o peixe e recortei a túa cara de todas as fotos. A túa cara redonda case helénica. Corenta e nove carretes de momentos perfectos dignos de ser lembrados.

Ducheime e paseei nu polo corredor ata a cociña. Pensei que quizais agora que non estabamos xuntos me podería facer nudista e buscar unha muller tamén nudista coa que ter fillos que se avergonzasen xuntos do noso nudismo. Ata que un día os deixase a repelente snob da moza e se paseasen nus, como xa o fixera

seu pai, polos seus respectivos corredores adornados de fotos decapitadas. Imaxinei unha estirpe enteira de homes e mulleres felices na súa nudez máis descarada. Pero de súpeto acabarase o corredor e recordei que non confiaba o suficiente no meu físico de trinta e tantos como para andar por aí ensinándoo todo.

Así que abrín o bote de zume de laranxa e baleireino no vertedoiro. Foi alí onde acabaron todas as túas pequenas caras sorrintes. Paredes pouco ecolóxicas de tetrabrik encerrando instantes conxelados de felicidade atordada por un flash. Despois mestureite toda con media botella de vodka (a outra metade bebina eu) e metinte así de borracha e desaliñada no conxelador. Unha Amy Winehouse pouco portentosa entre catro pizzas de xamón con queixo e unha bolsa e media de chícharos verdes e ananos.

Porcións

Lara Porto Mato *(Shiva)*



2º premio da 2ª categoría

El tiña esa estraña manía de chamala todos os sábados ás 20:17.

Ela respondía, non porque así demostraba ser educada, se non porque sabía, aínda que el non llo dixera, que mantiñan unha chamada: relación de satisfacción espiritual.

El gozaba preguntándolle que tal? e falándolle mal do seu traballo; e ela gozaba contestándolle e rindo, cos brazos apoiados na liteira de arriba.

Porque así era como acostumaban falar os 7 minutos e 22 segundos á semana.

Era unha simple relación de transparencia e madurez, eran persoas equilibradas, perfectamente compatibles que poderían ter chegado a ser compañeiros de gardería. El ós seus 25 demostraba pensar e ter a mesma idade que ela cos seus 16.

Eran simple apoio, simples risas e plans, eran algo illado no tempo, así, mentres o mundo xiraba. Poderían meterse o un na cama do outro, pero os dous sabían (sen dicilo) que o erro máis grande do mundo era deitarse coa persoa que amas.

* * *

A rúa quedou mollada.

Non, non chovera pero pasara a máquina que molla as rúas. E xusto nese momento ti estábasme quentando os pés na cama.

Mireite e ti escondícheste debaixo da almofada porque che sigue dando vergonza que te vexa en pixama. Á mañá seguinte preguntáchesme se podías tomar "Nocilla a cucharadas" porque sabes que cho teño prohibido se non é comigo.

Xúroche que ó anoitecer, cando a rúa estea seca (porque agora só me lembra que existe a chuvia) saímos a dar una paseo

e mercamos mandarinas e pan con chocolate para merendar no parque, si, á hora da cea.

E logo volvemos a casa tan tarde que volva ter os pés fríos.

* * *

Non precisaba velo para saber que o tiña. Era a súa mirada redondeada, de mel, que lle berraba moitas cousas. De sempre estiveron, xuntos e máis nada, así, coma dous siameses separados.

O día que decidiron volverse atar, a vida xa dera una par de voltas, a ela máis que a el, pero decidiron entre os dous que non importaban as voltas que tiña ela de máis, e que en parte a facían estar máis segura, e a el máis namorado.

Chegaron así, coma chega o pan ás casas dos pobos, como chega o inverno en decembro, como chega a comida dunha avoa, como chegan os Reis, chegaron dándolle outra volta ó mundo.

* * *

Lémbrome de cando era tan pequena tan pequena, que case non me lembro.

Era moitas veces verán, as máis das veces facía sol, e sempre poñía a mesma camiseta, que en días de moita moita calor, remangaba para ser unha Super estrela do Rock & Roll.

Sempre tomaba a mesma merenda, e sempre xogaba ao mesmo ou pintaba coas mesmas cores debuxos iguais.

Ata que un día naceu a miña irmá pequena, entón moitas máis veces facía sol, un sol moito máis ledo; entón xa eran dúas as Super estrelas de Rock & Roll, entón a merenda era dobre e compartida, entón os xogos eran por parellas e as pinturas gastábanse antes, moito antes. Nos debuxos agora, saían máis persoas, e non sei porque saíanme máis bonitos.

* * *

Nas rúas de Vilagarcía de Arousa, hai un trompetista, que as veces torna en cornetista.

Cando o vin por primeira vez souben que malia ser un músico só, o seu son enchía as rúas da cidade, coma o cheiro a café dos bares.

A súa expresión era de pura concentración, era puro jazz, os seu ollos perecían mergullados en néboa e chuvia; semellaba emocionarse con cada unha das notas. Case sempre marcaba o pulso co pé, coma se no caso de perderse fora botar toda a Big Band abaixo, coma se el, director, solista e acompañante a un tempo tivese toda a responsabilidade.

Cheguei a conclusión de que a Big Band vivía na súa imaxinación, de que el si era solista, director e acompañante a un tempo.

* * *

Sempre tocaba o bucina os martes e xoves ás 7 e 22 minutos.

Sempre o vía chegar no seu Golf vello, branco coma o seu pelo. Aparcaba diante do café sobre as 18 e 15. Uns anos despois por casualidades da vida descubrín que pedía sempre o mesmo, un café solo e "El País", ó remátalo saía e montaba no coche.

Unha vez dentro, como para animarse tocaba o bucina e marchaba para a súa casa.

* * *

A vida pode rematar nun instante, pode cambiar sen rematar, ou pode rematar cambiando.

Un acto, unha palabra, un instante, unha respiración, unha nota, unha calada, unha letra, un salto, unha caída, un orgasmo, un prendedor, unha chispa, un corte, un choque, unha descarga,

un nacemento, a morte, o punto de fusión, un roce, unha lata de Coca-Cola, un berro, un suspiro, unha onda do mar baténdote na cara, un corte, un botón caendo o chan

Son pequenos segundos polos que, as veces, queremos medir a eternidade.

* * *

Miña irmá contoume unha historia dun rapaz, que sendo fillo de artista quixo mergullarse no mundo do seu pai, para non saír endexamáis.

Cando chegaban os sábados, unidos por un cordón umbilical ás feiras dos lugares, eles os dous ataban con tino as cordas das súas carpetas de cadros, recollían a casa e marchaban para a feira na bicicleta azul. O pai guiando e o fillo apoiado na barra metálica que lle arrefriaba ó cú.

Sempre se poñían entre o posto dos xerseis de lá da señora Pura e os milleiros de polos, galiñas e familia, do señor Antonio.

Os cadros do pai reflectían emocións profundas, en paisaxes incomprensibles. Os cadros do pai tecían os soños do fillo e marcábano dunha maneira especial. Os cadros do fillo vendíanse ó lado dos do pai, por 100 pesetas e un sorriso dun dos poucos rapaces marabillados coa arte. Dun dos poucos rapaces que seguiría facendo arte de todo o que atopase.

Sen dúbida foi a mellor herdanza que o pai lle puido deixar ó pequeno.

SHIVA

Relato dunha adolescente pechada

Beatriz Pérez Lista *(Rosa negra)*



3º premio da 2ª categoría

Sentei no sofá. Xa estaba esgotada. Volvía estar no meu cuarto. Levaba xa catro longos anos buscando unha chave coa que poder abrir a porta principal desta casa. A miña historia é algo estrafalaria, sen dúbida, pero é real. Contaríavola toda a cada paso ou escribiríavola nun diario. Pero non hai moito tempo, só é un recreo ata volver outra vez buscar a chave, e non podo deixar as miñas memorias nun libro, porque alguén esgotou a tinta desta casa. Unha casa peculiar. Unha casa cunha estrutura que coñezo como a palma da miña man. Podíache describir como o hall ten unhas fermosas escaleiras de madeira, divididas entre a cociña e o salón comedor e coroadas cunha araña de cristal. No salón comedor reina unha gran mesa de madeira escura a xogo cos demais mobles do S. XVIII. Se cruzamos o hall cara ao outro lado atopámonos coa espazosa cociña onde cada día aparecen os mesmos alimentos. A miña dieta é moi vanada, cada día podo elixir entre polo con torta e torta con polo. Non sei como sobrevivín tantos anos, ou é que aínda non me pasaron factura ou pode que fora grazas ao froitero do salón.

Pero seguimos con esta casiña. Poderíavos dicir que as escaleiras teñen vinte e un chanzos e ao chegar o antepenúltimo hai que saltalo para evitar oír un estridente chirrido. Unha vez arriba, na segunda planta, está a habitación principal, o baño e a habitación das cousas estrañas (xa vos direi o porqué máis tarde). A habitación principal, de estilo rococó, ten unha gran cama dobre na cal podían entrar tres ou catro persoas. Ten un gran armario do cal saco a roupa coa que me visto, e tedes que comprender que cando entrei non traía unha maleta de roupa xigante, só co posto. E como chegaredes á conclusión, visto con roupas do S. XVIII. O que máis me gusta dese cuarto é o espello da cómoda. Como calquera moza, gústame mirarme ao espello e peitearme cando non estou buscando a chave. Aínda que a habitación é cómoda, espazosa e acolledora non durmo nela. Non me sinto tranquila durmindo ao carón da habitación das cousas estrañas. Logo está

o baño, cunha bañeira enorme a cal para enchela de todo, tes que abrir a billa con auga quente corenta e cinco minutos antes. Medio minuto despois, a auga da bañeira desbordaría. Tamén sei que ás dúas e tres minutos oirase o timbre do forno anunciando que o polo está.

Logo está a habitación das rarezas ou cousas raras. Non sei se deixala para o final porque é coa que me vou lear falando, é esquecereime de dicir como é a miña estancia favorita. É a que está arriba, é como un gran salón, onde os libros, a arte e a música reinan, e a tranquilidade é sublime. Cada día cando me rindo na miña busca, subo aquí tocar o piano ou ler. Tamén a media tarde gústame sentar no sofá a ver o reloxo de parede que non funciona. É o meu remanso de paz. No cal non se move nada por arte de maxia como no resto da casa. Non é como a cociña na que cada día aparece a comida feita (a mesma de cada día, polo con torta). Tamén me encanta xogar coa mesa do billar á cal fáltalle a bóla vermella número catro e a bóla verde, o sete. Non é que xogue moi ben, porque non sei xogar, só fago rodar as bolas e fago lanzamentos para ver se entran nos ocos. Logo está a impresionante biblioteca con sesenta e tres libros, en total trinta mil vinte e oito follas. Nunca pensaría que uns libros tan vellos me poderían atraer tanto. Antes pasaba o día xogando a Wii, hoxe derrótome ao ler os versos de Dante Alighieri, o meu poeta favorito.

Nesta casa, hai dúas cousas mais estrañas do usual: unha, a habitación das cousas estrañas; e dúas, o cadro do salón comedor. O cadro é o típico retrato de familia onde antes (cando entrei) aparecía no retrato Santiago, a antiga persoa que me encontrei ao chegar. Santiago era un home desbarbado de cincuenta e seis anos. Foi el quen me explicou todo o que tiña que saber desta casa. No cadro tamén aparecía a su defunta esposa Teresa, e non só eles de novos, tamén aparecía eu cunha aparencia de cinco anos

sostendo un gato (iso que cando entrei tiña doce anos). Cando Tessa, a miña cadela, ocorreu o inimaxinable. Despois diso, o retrato cambiou a unha visión de Santiago cos seus cincuenta e tantos anos cunha aparencia demacrada, comigo, xa cunha aparencia de trece anos co meu gato. Teresa xa non estaba, o seu lugar era ocupado por Tessa, a mastín vella. Como un cadro de familia do S. XVIII, pois non haberá que dicir que todos tiñamos roupas da época.

Agora xa vos podo contar o segredo da habitación das cousas estrañas. So é a típica habitación dun neno pequeno cun berce e moitos bonecos estraños. Se xa de por si me daba cousa esa habitación, acabei por meter nela todas as cousas raras (e dicir máis raras do usual). Preguntárdesvos como morreu Teresa ou Santiago. Moi fácil, non morreron, convertéronse en bonecos. Ao parecer, na casa só poden habitar tres seres. Como entre un cuarto, o primeiro en chegar convertese en boneco. Como un moble, pertence a casa. Non é dono de nada, é coma se morrera. Cando entrou Tessa, Santiago converteuse en boneco ao instante, vaia, que non é polo tempo senón polo número de persoas que habitan na casa. Segundo Santiago, houbo persoas que non duraron nin un ano e outras coma el, que duraron máis de trinta anos. Na casa hai un total de doce bonecos. E digamos que unha nena de trece anos, pechada nunha casa, só coa compaña de dous animais chégache a dar a impresión de que os bonecos se moven cando unha non mira. Nesta casa hai varias pechaduras e cada unha cunha chave. Todas menos a da porta principal, a cal está pechada a cal e canto.

Agora, despois de que vos dixera como é a miña casa, pensaredes que estou pechada na típica casa do S. XVIII. Nunha cousa moi parecida ás casiñas de bonecas. E é que estou pechada nunha. Recordo como nun mes de maio descubrín un alpendre, nel estaba a preciosa casiña de bonecas. Só foi intentar abrila

e non sei como, espertei no salón baixo a atenta mirada de Santiago. Dende aquela, hai máis de catro anos, levo buscando esa chave. Os antecesores aseguraban que existía. E a busca da chave distráeme nos monótonos días.

Cada día sigo buscando esa chave ata que canso e veño sentar no sofá a ler ou simplemente mirar o reloxo da parede. Nunca funcionou. E de madeira e as súas agullas son de ouro... ou paréceno. Cada vez que o vexo, dáme rabia que non funcione. E agora que o penso nunca, nestes catro anos, intentei arranxalo.

Levántome do sofá e ando ata o reloxo. Abro a cúpula e miro as agullas. Teñen una forma estraña que as fai fermosas. Sobre todo a pequena...

Un momento, ¿non é esa a chave?

Selección persoal

Xesús Manuel Valcárcel *(Defensa da memoria)*



1º premio da 3ª categoría

NON acabo de comprender porqué se me pide este Informe, cando despois de tantos anos, os acontecementos convertéronse en néboa mesta e fume na memoria; ademais, non hai neles nada que xustifique, na miña opinión, o interese de tan elevada instancia. Debo manifestar ante todo que non me produce ningún pracer comentar aqueles feitos e, se accedo a facelo voluntariamente, é só por colaborar, como sempre o fixen, coas autoridades desa Institución. Non oculto que para min resulta desagradable volver sobre aqueles días e sorpréndeme que un caso tan vulgar, que estivo ausente por completo dos meus recordos, conservase para esa digna dirección, en calquera sentido, interese.

Tal e como a min se me aparece agora na lembranza, era moi tímido. Non fomos exactamente, como afirma a súa carta, compañeiros de cuarto, porque todos durmiamos nunha nave inmensa, caleada de branco, con cadansúa mesiña metálica, e as alfombras todas dun lado. Fomos, como se di, compañeiros. A onde estabamos nós, nun extremo da nave, non chegaban os ollos esculcadores dos superiores, e esta foi unha das razóns, tamén, da súa desgraza. Evoco aqueles primeiros días e lembro especialmente o seu silencio obstinado. Non falaba con ninguén, con certo señorío e superioridade, aínda que agora comprendo que era medo, temor a aventurarse en amizades incertas; dificultade sen máis para relacionarse.

Era de estatura media, de ollos verdes, fantasioso e absorto. Tiña tendencia á soedade e, paradoxalmente, á alegría. Ou así o vexo eu agora, consciente de que o tempo muda as cores do recordo, amolece os perfís e sepulta todo nun benigno solpor. Estou a ver as súas mans, dunha substancia cálida, desenvolver con agarimo as bolsas, con esa ilusión dos primeiros días, embazada de morriña, na que a confianza nos bos propósitos era sistematicamente estragada pola vida. Traía unhas sabas

bordadas, cunha cenefa de cor, e a sobrecama, que era branca como a de todos, porque así era obrigado para uniformar o dormitorio colectivo, tiña certas irisacións e matices, coma cando se verte aceite na auga, mentres aquela luz fría, de neve, a mollaba desde as fiestras interiores do patio.

Ese foi o motivo polo que os demais deron en se meter con el. Non era coidadoso coa roupa e manchábase, pero aprendeu a dobrar as pezas da cama, e mesmo me axudou a min. No entanto, eu non quería intimar con el, porque era de natural confiado e cría de corazón aquelas mentiras todas que nos contaban, porque os nenos aceptan as verdades que se lles dan, sobre todo cando se lles impoñen. Por iso a súa actitude, daquela, me parecía tan mal coma aos outros. Ensinado a ser egoísta, non quería que outros posicionamentos estragasen a miña obsesiva obediencia, se ben hipócrita, efectiva. Por iso non fun amable con el, aínda que estimaba as súas grazas. Entre dúas persoas -pensaba e penso- sempre se establece unha relación de poder.

Fago un alto no relato, porque antes de entrar a describir os acontecementos sobre os que me solicitan a información e dos que eu, en verdade, son o único coñecedor que aínda vive, quero reclamar a atención de vostedes sobre as vías do tren que pasaban por debaixo da horta, a carón dun muro alto de pedras encintadas con masa. Quero que se sitúen tamén, mentalmente, no patio, e que miren para arriba, para a galería luminosa que, tendida sobre as canchas de baloncesto, comunicaba os dous edificios principais. Fixen a súa atención nestes dous puntos, insólitos, pero que son de importancia para comprender o que pasou. Non quero, polo demais, perderme logo en innecesarias descricións, se poden evitarse.

El era rebelde. Con esta afirmación nin mancho a súa memoria nin descubro nada novo. Non quería integrarse, e os mais intuíron a través destes sinais a súa soedade, mentres con habilidade se pregaban aos designios dos superiores, e isto era moi importante,

e aos da vida. Porque alí había que ter ´iso´. Ninguén sabía con precisión como tantas veces ocorre o que era ´iso´pero os superiores sempre falaban del, cun sorriso enigmático, e había que telo. E el non o tiña. Non tiña ´iso´. Tamén había que estar orgulloso de ser membro daquela Comunidade, non por causa xustificada, senón porque era así, porque formaba parte ´diso´. E el non o estaba. Velaí, xa que logo, que non foi unha única causa, senón varias, plurais e ineludibles.

Á esquina do dormitorio onde estabamos, xa o dixen antes, non chegaban os escrutadores ollos dos superiores, que durmían na banda contraria, separados da nave por unha aparatosa alcoba feita de cortinas que se corrían. Usaban os nosos servizos e as nosas duchas, e compracíanse en mostrarse atléticos e fachendosos, deportivamente alegres, naquelas fondísimas mañás de xeada, nas que a auga cortaba, era sempre de noite e quedaba deserta a madrugada. Pero ese estar libre a súa cama de miradas só multiplicou as súas dificultades porque foi alí onde se organizou a timba nocturna, naipe sobre naipe, á que nin el nin eu puidemos negarnos. Esta parranda en calquera caso foi posterior aos acontecementos sobre os que se me pide o Informe, e o certo e que non influíu no seu desenvolvemento.

Todo o sucedido contou coa complicidade dos mandos, calada, pero non secreta. Esta anuencia da superioridade, que el sospeitaba, resulta agora evidente co paso do tempo. Que Informe queren, logo, que eu lles elabore?

O primeiro día os veteranos, advertidos por alguén ou sorprendidos sen máis da súa ousadía, tentaron que os convidase, non por rondas, como polo xeral esixían, senón a botella por barba, fórmula a que el se negou. E non parou aí. Cando deron en preparar actos de desprezo, humillantes, coa única finalidade de dobrar o seu espírito, máis el se medrou, incapaz de ceder, cunha obstinación e unha valentía impropia dos seus anos.

Poden crer ou non o que vou contar, pero eu que fun confidente da súa tristura, asistín tamén aos seus momentos de gloria. No último andar, por unha fiestra pequena, saíase a un telladiño estreito e longo que comunicaba, cubrindo unha galería, os dous edificios principais. Era, como recordarán, moi estreito e perigoso. Pasaba alto, sobre as canchas de baloncesto, suspendido no aire entre os dous caseróns e deixando por baixo uns soportais. Do outro lado había un ventanuco semellante e, en chegar a el consistía a proba, que só lle poñían a algúns, aos máis rebeldes. Pode parecer absurdo agora, desde esta perspectiva do tempo, pero así era. O mundo móvese en xeral por razóns de prestixio baseadas en demostracións parecidas a esta. A el puxérono sobre o tellado angosto pola forza, un anoitecer, entre a expectación de todos, que agoiramos no fondo do corazón un desastre -e non me refiro a que se matase-, e sentimos unha punzada de mágoa. Salvar aquela distancia, facendo equilibrios sobre a ringleira de tellas que suxeitaban as lousas, no pincho do tellado estreito, sobre a xeada...

Pensei -en realidade eu creo que o pensabamos todos- que se ía arrastrar polas lousas ou, sen máis, quedar quieto, sen moverse, sen dicir nada, agardando que a superioridade o socorrese por algunha vía, porque estas prácticas estaban, formalmente, prohibidas. Pero non, tambaleante, poñendo cada un dos pés a un lado das tellas do cume, con desasisado desprezo da vida, andou o tellado, que debía ter máis de cincuenta metros, e por dúas veces caeu, e por dúas se agarrou, tranquilo, da rea de tellas, no medio dun silenzo profundo dos que miraban desde abaixo. Foi ao único que llo fixeron.

Os veteranos pensaron que o venceran, que se ía facer amigo deles, porque a superación desta proba permitía falarlles. Pero non foi así. E esta obstinación poñía en cuestión o seu poder. Días máis tarde viñeron avisalo, sempre en grupo, porque gustaban e

necesitaban de ser vistos, para unha nova proba. Xa coñecida no ambiente por referencias, o desafío espertou enorme interese, porque estaban en xogo os códigos, os principios, algo que era ´iso´, ´iso´que había que ter, que ninguén sabería definir, pero que era. Consistía en poñer a testa nos raíles, fronte a fronte, agardando, rodeados pola concorrencia que miraba desde o alto dos muros. O que tardaba máis en arredarse cando viña o tren, vencía. Estou vendo ao contrario, o seu pelo crecho, lixado. Era un rapaz panzudo, con algo de barba esparexida, decidido a conservar o único que tiña, a razón da súa vida, que era o seu lexendario prestixio nesta proba, e a consecuente popularidade. Sen dúbida vostedes, ou máis exactamente os seus predecesores, estiveron informados. E nada importa o que eu agora pense. Así foi, e para que o saiban aquí digo a verdade, como en todo o que a este Informe se incorpora, que eu non pedín facer. Tamén ese día venceu. Era unha hora quieta, branca, que semellaba extraída dun soño e que nos devolveu a todos ao interior dos patios en silencio.

Eu asistín ás súas probas, vivín con el o seu irredutible orgullo, a súa dignidade invulnerable. Moitos pensamos naqueles primeiros días que os veteranos o acabarían por deitar. Pero non, envidou máis e promoveu mesmo unha acción común con outros para presentarlles batalla. A noite que citan na súa carta non o violaron exactamente, como din. Eu estaba esperto, embrullado nas mantas, e no fondo parecíame que o que lle pasaba era culpa súa, por aquela orgullosa arrogancia. Porque o medo aconsella. Hai moita xente que non o sabe e, porén, só acepta os consellos do medo.

Aquí non importa o que eu pense, ben o sei, pero permítaseme dicir de paso a miña opinión. Collérono pola forza, tapándolle a boca, e quedou entre eles anicado, primeiro, pero despois estalicárono a golpes. Non chegaron a violalo, como se di na

carta, pero si mantiveron con el, núo, sobre as baldosas, un equívoco sometemento e a reproducción do acto sexual. Pareecía que non o afectaban os agravios e parecía que non eran capaces de ferilo, pero eu non o creo. De noite escoitábao chorar, perdido, coa mesma soedade que impulsaba aos outros a vencelo.

Un deses días, na cea, despois de andar só a cismar polos soportais do patio, ergueuse no comedor, coa voz entrecortada e, diante do director e dos mandos que o miraban alucinados, empezou a botarnos un discurso sobre as relacións humanas, as nosas limitacións e a solidariedade. A súa figura e, máis aínda as súas palabras, daban mágoa pola súa inxenuidade e resultaban patéticas. Non comprendían, en absoluto, o que el dicía. En canto o director fixo desde a mesa principal un comentario gracioso sobre o discurso, ninguén calou. Todos se sentiron de súpeto ofendidos. Chovéronlle anacos de pan, culleres, vasos de auga, coitelos... e rodeouno un corro de gargalladas.

Esa foi a noite que o mataron.

Á mañá seguinte, despois de se erguer, preguei as mantas coma os outros, seguín as indicacións dos superiores, gabei a fortuna sobre toda ponderación que me permitía para o meu proveito estar entre eles, finxiu os afectos e ter ´iso´, que hai que ter. Aquela mesma noite, sinceramente asombrados dos seus progresos, todos falaron marabillas do meu comportamento.

O voto da escultora

Lois Pérez Díaz *(Rocco Varela)*



2º premio da 3ª categoría

O home xa non atura máis aquela cea de intelectuais e ergue da mesa, aducindo que vai mercar tabaco e que axiña voltará. Vostedes pensan que isto é un comezo? Pero a cousa non queda aquí, señoras e señores, a cousa non queda aquí. Escoiten: poñamos por caso que se despide da súa muller dándolle un bico na fronte ao tempo que se disculpa cos outros comensais facendo un comentario cheo de ironía verbo dun artigo arredor da figura de Vicente Risco, un tema que por suposto todos coñecen de xeito superficial pero do que falan derivando noutras consideracións, aparentando coñecelo mellor. Eu digo, que ten que ver en todo isto Risco? O home, como digo, marcha por tabaco. Marcha por tabaco e sube no seu Seat Córdoba gris metalizado, e con evidentes dificultades físicas e psicolóxicas froito da inxestión excesiva de licor café abandoa a finca onde ten lugar a cea. Nesta manobra, choca co coche contra a grande porta de madeira da finca, e sen mediar motivo algún pensa na faciana de Risco en branco e negro, ao tempo que sente certa envexa do amigo que organiza a cea por ter unha casa e unha finca na que un convidado pode chocar co coche contra a porta sen derrubala: este home non sabe usar o punto e seguido, pregunto eu? O home volta ao coche con dificultade, di. Cantas formas do erro!

Continúo: pasa sen se decatar a primeira gasolineira e deléitase coas luces dos farois pola estrada que o leva ata a entrada da vila. Polo camiño decide non mercar o tabaco, pensa nun argumento para unha posible curtametraxe, volta pensar nos peitos espidos da escultora que coñeceu na cea e éntranlle ganas de tomar unha copa, puto Feijoó, pensa, puto Feijoó e viva o Compostela. Señoras e señores, é preciso que siga? Está ben, pero atención ao máis impresentable, segundo o meu criterio, escoiten: séntese ben por ser de esquerdas, pero non tanto por simpatizar co Bloque ou co Partido Socialista, e neste punto desafía o inconsciente dos críticos do certame, un certame imaxinario, iso é, pensa en

desafiar aos entendidos ficticios dun certame literario ficticio, que segundo os seus cálculos posiblemente se identifiquen co Bloque ou co Partido Socialista. Este vai de listo, primeiro sóltanos o do Feijoó, e logo xogando a confundir. E engade: séntese ben por desprezar ese ruído enxordecedor das maquinarias políticas colmadas de ambicións que converten a realidade nunha barafunda de discursos mal aprendidos, ceremoniais absurdos e persoas que perden a súa parte máxica e orixinal por sentir que o tempo xoga na súa contra, nese partido tantas veces repetido e perdido, contra esa tenista calma e pouco elegante que é a morte: xogos en branco e seis a cero, sempre a mesma historia. Se cadra subindo á rede?

Atención aquí, porque tenta xogar en clave local, que vergoña, escoiten: o home entra en Ames e aparca o coche diante do primeiro pub que ve aberto. A esas alturas xa fumou o canudiño de herba que levaba preparado na guanteira, e agora xa abandoou o argumento da curtametraxe e tan só sente unha resignación triste por ver que esa grande leira escintileante sen fin que é Galicia vaia sendo sustituída por unha cousa moi distinta que xa non é quen de recoñecer; procede a xuntar os diferentes elementos dun razoamento que pensa en escribir algún día, en base ao dito brasileiro: que prefire, meu, meter as mans no lume ou que *probe* o seu cú o primo André? Pero é que este home non leu nada de Stendhal? Nin de Ferrín? Nin de Joyce? Nada de nada? Este home non leu nada? Pero hai máis, escoiten: entra no bar e pide unhas cantas copas, o móbil soa sen parar, hai case unha hora que abandoou a cea, pero agora mesmo iso non lle preocupa. Observa unha muller na barra, en soidade, xuraría que a viu nalgures, achégase e falan de obviedades e lugares comúns, establécese unha afinidade espontánea e unhas cousas levan a outras copas, e as copas levan a outras cousas. A muller di que quere liscar, el pensa nun cabalo branco. Saen á rúa e a

muller bícao na meixela. El tenta dicirlle algo, quere lembrar uns versos de Pessoa, pero nese intre soa o móbil. O home resposta, entón súa nai preguntalle porqué a chamou. O home asústase, non se lembra, de súpeto pensa nas copas que leva enriba e tranquilízase, sabe que é perfectamente posíbel que a chamara e non se lembre, pois agora vai totalmente cego. Corta a chamada e despois despídese de súa nai bicando o teléfono e desexándolle boas noites. Pois, pois, despois, non se decatan? É de tolos! Continuemos: por un intre sente algo semellante á ledicia. Pensa en Risco. Ben, señores e señoras do xurado, aquí habería unha faísca de lucidez no medio da mediocridade, que sería tanto coma unha pinga de licor nun océano de merda, e o símil non é gratuíto, porque di: iso sería a salvación de Galicia, non Risco, senón certo sentido do risco e da aventura, pensa o noso home. O Sentido do Risco. O home sube no coche e volta soar o móbil. Súa muller chora bébeda dicindo que se vai deitar con Paul: quen é Paul, pregúntalle o home tentando manobrar para sacar o coche do lugar onde o aparcou. Quero dicir con Roi, corríxese ela. Marga? Marga? Con quen falo? Ah…Mar…tiño, Martiño! Es ti, amor? Si… Non, estabamos preocupados por se che pasara algo… É que me chamou Marga antes e... O home non entende nada, colga o teléfono e bate no coche de diante. Quen é Roi? Un tipo báixase do coche de diante e recrimínalle o incidente. É Roi? Todo está moi confuso, señoras e señores do xurado, moi confuso. De súpeto lembra os versos de Pessoa e adícallos ao fulano, que dalgún xeito sente certa tenrura, máis ben asociada ao analfabetismo que a un verdadeiro coñecemento de Pessoa. Deciden que o golpe non é nada. O home saca ao fin o coche do seu sitio e emprende o camiño de volta, repara no reloxo, pasaron case tres horas dende que abandoou a casa.

O home non pode sospeitar o que vai atopar nun ceda o paso de dous carrís antes dunha rotonda: exacto, a muller do pub. Entón

fítaa e sorrí, a muller sorrí tamén, acelera e sae con avantaxe; o home mete a primeira con certa excitación. Xusto no intre de poñerse en marcha bate de fronte cunha furgoneta da Garda Civil. Coma se dunha milagre se tratara, e non se perdan isto, prezados compañeiros, a furgoneta da Garda Civil está baleira xusto diante del, no medio da rotonda. Séntese moi sobrio de súpeto, froito do medo. Porque non hai ninguén na furgoneta, digo eu? Repara no seu coche, ten deformada a parte de diante froito da colisión. Decide liscar e un quilómetro máis adiante cruza unha parella de gardas civís pedíndolle a documentación a uns rapaces descerebrados, a trampa é obvia. Tenta analizar a situación e nestas chega á casa dos seus amigos os intelectuais. Non lle deixan entrar. Lisca para o seu piso de aluguer e durme vestido.

Á mañá seguinte súa muller non está na vivenda, pasa tres días sen vela, non se sente con forzas para ir traballar. Recolle varias cartas que lle meteron por baixo da porta: unha carta do traballo, dinlle que non volte. Outra non é para el, vai dirixida á súa veciña, dentro hai tres billetes de cen euros e unha notiña que o home lé: *perdoa, Maite, ata o mes que vén non poderei voltar. Agardo que isto che sexa dabondo para chegar a fin de mes*. Chégalle tamén unha petición de divorcio e unha revista cultural na que sae unha muller de escándalo, recréase na súa visión. Despois colle as cartas, incluída a petición de divorcio, a nota e os trescentos euros e queima todo na cheminea. Que papel, pregunto eu, xoga a moral na escrita desta besta? Continuemos: o home entra nunha espiral de destrución, só sae da casa para mercar bebidas e algo de droga, bastante droga, moita droga. Péchase unha semana, ou iso pensa el, pois anda sen noción do tempo nin do lugar, só habitado pola loucura e a anestesia. Unha noite, cego de ansiolíticos e de ron, sente coma unha catarse no seu interior, cae ao chan, o chan treme, el treme, todo treme, debe ser a morte. Filla de puta. Pensa no final e entón ve ao seu pai á

beira dun precipicio, en pelotas. Comeza a chorar pensando na súa muller.

Ao día seguinte, aínda aqueloutrado polos medicamentos e pola bebida, sae á rúa: hai edificios totalmente derrubados, non se ve xente polas rúas, dous cans roen nos restos do que semella ser Otero. É lamentable, queridos compañeiros de xurado, pero continúo: Otero. Xurxo Otero, aquel lateral do Celta. Entón sorrí, de esguello, e berra: viva o Compostela! Despois fica alí, en silencio, tentando asimilar o que aconteceu. Nese intre, un proxectil perfóralle o brazo esquerdo e olla arrepíado o resto do seu brazo afundíndose nunha pucharca, onde tamén fita a súa faciana branca e envellecida. Comprende que estivo máis tempo do que pensaba desconectado da realidade, e sente moita dor, perdeu moito sangue. Un tanque aparece pola rúa e case o atropela, entón comprende que o país está en guerra. O noso home ten medo e tenta voltar á casa, pero é detido por dous soldados que o levan ao cárcere. Non queda nada de Santiago. Non protesta, a sensación de desacougo e tristura é tan intensa que non admite bágoas nin berros. Pero claro, xa queren saber o final, compañeiros, claro que si e chegamos ao final incomprensiblemente, e de xeito trampulleiro, por certo. Escoiten, escoiten: o home, no interior da cela, pensa no seguinte: todo se alonxa. Todo se alonxa. Os soños, a xuventude, as promesas do amor, as ambicións inconfesabeis, as grandes pasións e as amizades, a literatura, todo se debuxou no seu maxín coma unha illa ao lonxe, que pouco a pouco foi collendo forma e cor e sentido, e devagariño foise alonxando ata quedar atrás, no medio do triste solpor, que anuncia a noite escura de despois.

Si, realmente é lamentable, e pouco procedente, concédolle algunha graza, pero non valor literario, sen dúbida. -sentenzou o secretario do certame, incorporándose na cadeira-. Agradézolle a súa lectura e a súa explicación, Antón.

E esas consideracións políticas? A xente non regula… Outro iluminado. Nin dereita nin esquerda. Abre a plica, ho, faime o favor, a ver de onde é…

O secretario abriu a plica e sorríu lixeiramente abaneando a cabeza. As conversas para escoller o texto gañador continuaban no interior do centro sociocultural de Teo.

Pero o que estaba ben, era o outro, ese no que o autor xogaba coas palabras, como dicía? E falaba tamén de Galicia e da importancia das cousas e… Como era? Xa sei que saberán máis disto os literatos, pero a min pareceume que tiña consistencia, que era pedra pura- preguntou Cristina, artista da zona, e membro do xurado.

Si, era ese que falaba do outono, que xeito de usar os adxectivos! -O secretario ergueu da cadeira e dirixiuse aos demais membros:

Queridos compañeiros: literatura hai moita, iso está claro, pero o que digo é o seguinte: hai que ter ben presente o que lle aconteceu aos compañeiros de Ames. Andaban tentando darlle novos pulos á literatura en galego e todo iso, en definitiva, inventando. E que aconteceu? Que quedaron sen certame. Fodérona. E a rascala. Aos de Teo non nos vai acontecer iso. Claro que non. Polo cal vos aconsello que decidades libremente, iso si, pero lembrade que temos unha misión: preservar a nosa literatura de elementos contaminantes.

Houbo un longo silencio e despois procedeuse á votación, o do outono e a muller que agardaba polo seu amor que fora ao mar foi elixido por unanimidade.

Logo os membros do xurado, satisfeitos, abandoaron o local e saíron á rúa.

Cristina, a artista, que fora unha das que defendera o relato gañador, o do outono e algo máis que non lembraba ben, camiñaba

pensativa cara a casa. Sacou do peto as follas mal dobradas daquel outro absurdo relato que Antón lles lera con paciencia. Detívose a mercar tabaco, e contando as moedas da man, voltou matinar sobre o asunto: quen lle contaría a este tipo que eu amosei os peitos na cea? Ou é que era un dos que estivo alí?

Proxeccións

María Xosé Ónega Folgueira *(Sol Morno)*



3º premio da 3ª categoría

No 65 Finita do Xastre, a tía Finita, casou moi namorada.

Coñecéronse na festa de Castro e logo víronse en dúas ou tres festas máis, e malia a que ó primeiro Finita non lle facía moito caso a Manuel, logo veu o cine á vila e a historia arrancou. Nos longos invernos de outrora, o enredo da xuventude era ir os domingos os mozos á casa das mozas, logo foron abrindo salas de baile e nos anos cincuenta e sesenta abriron tamén salas de cine en case todas as vilas medianas e pequenas. Na nosa vila as películas comezaron por proxectarse na mesma sala de baile, pero logo prepararon local aparte, con un rótulo de letras grandes á fronte que dicía *Cine coloso*. E alí empezaron a verse os amores de Finita e Manuel.

A primeira vez foi un domingo de novembro e a película *Con faldas y a lo loco.* Finita sentiu que as dúas horas de equívocos, de diálogos cheos de chispa, de música e caras bonitas duraban como unha vida e ó mesmo tempo pasáronlle voando. Camiñaron xuntos á saída, el falaba pero ela non escoitaba, as imaxes persistían no seu maxín, miraba para Manuel e nos seus ollos vía a mirada de Tony Curtis. Volveu logo a Manuel, a tempo para aceptar o refresco que lle ofrecía.

Foron ó Café Metropol, un establecemento de teito alto, barra ó fondo de lado a lado e repleto de mesas aliñadas en cuadrícula. El pediu un café, ela refresco de limón e entre o refresco, o barullo e os vapores de café e tabaco espertárona dabondo para escoitar, responder e rir ó seu debido tempo. El acompañouna á casa e ela despediuno con unha mirada viva e sorrinte. “Eu nunca o pasara tan ben”, dixo.

Logo as cousas foron rodadas, en sesións de cine, baile e café, en tardes de comedia que derivaban ao romance. *Su juego favorito, Ha llegado un ángel*, *Sucedió una noche*, *Su pequeña aventura* … Finita saía do cine nun estado de romanticismo

indeterminado que Manuel mantiña logo no baile, deixando que a música e o movemento dos seus corpos caldearan os seus corazóns. O primeiro bico chegou con *Breve encuentro.* Fina Saíu máis seria que de costume, sentía coma se o alegre romance que ata agora coñecera se definise nun algo máis sólido e doloroso que había de ser o amor de verdade. Manuel algo percibiu e mantívose serio, sen falar tomou a súa man por primeira vez ó acompañala á casa e cando ela alzou a mirada cara a él para confiarlle que nunca, nunca sentira nada igual, Manuel soubo que era o momento de bicala e bicouna.

Entrou a primavera en plenitude e o sentir de Finita acercábase ó cénit, vivía con Manuel tardes de cine … Se na pantalla Ava Gardner, Elisabeth Taylor ou Sophia Loren se vían desprezadas ou traizoadas, Manuel pasáballe solícito o brazo polos ombros, ou dáballe un bico medio disimulado, ou apertáballe un pouco a man e volvía a cabeza para sorrirlle; as súas atencións ían segundo o guión, adaptábanse á trama con unha precisión exquisita. E á saída camiñaban sen presa a mergullarse na luz cinematográfica do Metropol, a ensaiar o seu remake mentres saboreaban un cognac ou un café. Viña a noite cerrada e levantábanse para gozar do paseo de despedida e logo ela mirábao alonxarse na bicicleta, con seu pedaleo tranquilo e asubiando algunha melodía onde a ela cría recoñecer *La vie en rose* ou *el tiempo pasará*...

A finais de Agosto, proxectaron *Dulce pájaro de juventud* e en Septembro *Esplendor en la hierba* e un desasosego indefinido invadiu a Fina, un temor a que intensidade do seu romance se torcera en drama. Presentía un rápido desenlace cara algunha parte que non estaba segura de desexar, as veces miraba a Manuel e sentía que el esquivaba a mirada. Agora Manuel peiteábase cara atrás, co pelo húmido pegado a cabeza e vestía unha gabardina marfil sempre coas solapas subidas, de vez en cando empezara a fumar uns elegantes cigarriños … estaba perfecto e o mesmo

tempo ela comezaba a dubidar de que fora a Manolo dos Candás, labrador con oito vacas e o primeiro tractor da comarca o que ela quería …

A última sesión de noivado foi a primeira vez que non se enterou da película. Estaba distraída e notou que el tamén … "ei" sentiu que a chamaba, ao tempo que lle tomaba o brazo para que se levantase, entón decatouse de que a sala estaba xa baleira, só quedaban eles e a pantalla era xa tan só un rectángulo de luz blanca onde se recortaron as suás sombras ao levantarse. Ela dispúñase a saír, pero Manuel retívoa e mirouna directamente á cara.. a luz intensa borraba os seus rasgos e ao mesmo tempo proxectaba o seu perfil perfecto na pantalla.. O corazón de Finita latía temeroso mentres el se achegaba para dicirlle algo no oído:

-E logo *Marilín*, has casar comigo?

- Hei- E suspirando feliz pasou as súas mans arredor do seu pescozo, el bicouna apaixonado e so se moveron para xirarse disimuladamente un anaquiño e ver as sombras que na pantalla se fundían e entregaban sen reservas.

E así foi como Finita e Manuel casaron no 65 moi namorados…



Poesía

17

Marcela Porto Mato *(Pentágono)*



1º premio da 1ª categoría

Ti eras os 17 mares,
Diferentes,
Nos que eu me mergullaba

Ti eras todos os meus
17 estados de ánimo.

Ti deixábaste bater, exactamente
17 veces
Antes de afogar nas pupilas amarelas
Que formabas

Cometas de salitre
Aniñadas nas pálpebras do tempo
Buscábamos eclipsar o sol
E a lúa
E as estrelas, os cometas,
[asteroides
E demais corpos celestes

Prometín,
memorizar textos ocultos,
no vaivén das vidas,
para así,
poder furar na monotonía
cos pequenos anacos
de cristalización do mar (e)

Dixen
De facer esvaecer
as pequenas partes de ti,
que “sin comerlo ni beberlo”
Se mimetizaron co contido astronómico
dos teus ollos.
Gústame facer trompos
cun coche sen marchas,
polas infindas mesturas de ondas
que agocha, de novo,
o mar.

E intento escribir verbas
para que ninguén
as comprenda,
e só o entenda,
aquel que xoga á súa vez
comigo, a fabricar,
boliñas de cores transparentes.

O meu lugar especial

Marta Redondo Porto *(Fluorescente)*



2º premio da 1ª categoría

Estaba aburrida
na miña habitación
e decidín irme a explorar.
Por qué non?

Como vivía
na beira do mar,
cara unha illa
púxenme a remar.

Cando á illa cheguei
púxenme a explorar;
moitas cousas marabillosas encontrei
e dende aquel momento souben que aquel era o meu lugar.

Era fascinante
había árbores de caramelos,
ríos de chocolate
e misteriosos pasadizos secretos.

Nos seus bancos
había barcos fundidos
e no seu interior tesouros
que non lograron rescatar nin os mais espelidos.

Chea de animais a miña illa estaba:
cabalos, coellos, bolboretas,
porcoespíns, toupas
e algunha que outra mofeta

Nas súas cristalinas augas
poñíame a nadar,
con peixes, sereas
e outras criaturas místicas do mar.

As fadas surcaban as augas
en barquiños de papel,
mentras que os elfos tocaban as frautas
no cumpre do dragón Rafael.

Gústame moito este lugar,
pois é un sitio onde me podo desafogar
se estou triste, enfadada
ou non teño ninguén con quen xogar.

A veces penso que este lugar tan especial
é obra da miña imaxinación,
pero despois doume conta de que é real
porque neste lugar teño amigos cun gran corazón

Estrelas

Claudia Johanna Quintans Vinke *(Caléndula)*



3º premio da 1ª categoría

Tenras e belas nenas no ceo
entre si amantes sen o menor receo.
Son doces fillas da lúa cada unha
máis non iguais, singulares como ningunha.
Xamais verás beleza semellante
nin tampouco luz tan brillante.
Dozura favorita de persoa namorada
purpurina celestial por todo o mundo admirada.
Xúntanse por fermosas cuadrillas
máis os humanos só vemos marabillas.
Ao longo dos séculos foron observadas
e nin hoxe en día deixan de ser estudadas.
Divertidas e luminosas crías de lume
o amor é o seu fantástico alcume.
Algunhas orientan, outras adiviñan
e unhas últimas de gloria brillan.
Poucos nomes teñen,
pero moitas frases as suxiren.
Faro estelar, traballadoras nocturnas;
Luz espacial e folgazanas diúrnas.
Pois una soa vemos de día
quen pola noite durmiría!
Os seus brillos universais
son os fachos celestiais.
Lámpadas que penduran do ceo
coma luminosos anacos de xeo.
Noite de lúa nova, máis non escura,

estreliñas de luz énchena de fermosura.
Vagalumes para os seus depredadores inalcanzables,
cuxas luces parecen interminables.
Fai anos que as vemos
e aínda as queremos.
Natureza primitiva
que brilla como a máis diva.
Luceiro orixinal
que apareceu nun temporal.
Co Big-bang naceu todo,
elas viven ao seu modo.
Estas nenas lendarias algún día desaparecerán
pero por sempre delas testemuñas falarán.

Da vez que fomos poetas

Ismael Ramos Castelo *(Plath)*



1º premio da 2ª categoría

Mañá falaremos nunha cafetería que faga esquina.

-Como queres o café?

-Xuro que afogarei.

-Mais azucre?

-E que veña un tornado rematar co que de nós quedase.

-A conta gracias…

-… e os poetas sempre racionalizándoo.

...comprendendo que o fin da metáfora é deixar de se-lo.

Luísa Villalta

Deixo de correr
e confundo entre as mans toda esa neve que se foi colocando no
[teu peito.
O lugar que decembro escolleu para sepultarte.

E todas as bocas pedían pan. A nosa cabeza adolescente
rodando sobre o virtuosismo ensaiado dos quince anos. Mozart
acariciando a raíz dos teus cabelos.

Quizais lembras aínda como morriamos cando o suicidio
non nos parecía tan importante, tan burocrático. Apenas se o
enunciabamos só coma unha resposta esquiva ó existencialismo
aburrido dos poetas que se confesan.

Mentres, nós mentimos, só inspiración caducada cargada de
silencios para a pianista. Anestesia de plumas na caída.

Poida que lembres aínda os nosos corpos perfumando a
decadencia dos tranvías. Esa decoración de interiores sutil
e fútil coas mans núas. A cor do noso sangue tinguindo as
bañeiras.

Só quizais, apuntaches cantas veces nos beberon as cañarías
para logo acabar conxelados no mesmo sumidoiro de Fitzroy
[Road
e bicarnos.

Cantas veces abrimos sendas cremalleiras nos pulsos.

Despois ti abrazabas con forza a cunca de porcelana grosa entre os dedos e prometías que nunca máis. Que xa non máis. Que non soportarían os teus brazos máis lirismo sen receita.

Pero entrou decembro
e non houbo poemas que te salvasen de
tanta metáfora baixo cero.

Para cando cheguei xa era tarde:
escribías listas da compra e lías as datas de caducidade.

Non sei se escribo só para poder quererte
ou se só te quero para poder escribir…
Berta Dávila

1

Este poema quería falar
de todo o que non che dixen e foron nomes de rúas,
das bolsas machucadas de tila
e os bicos despois de merendar.

De todo o sangue que lle negastes
ás barrigas preñadas das letras.

Do que quedou despois de ti e se fixo poema.

2

E xa no fin, eu só
nu no centro dunha praza.
Insigne emblema da derrota,
canción patética que fala dunha cidade
que nunca visitamos,
de abrigos negros
e un post-it amarelo colgando do meu peito
que diga canto te amei
e che lembre comprar leite,
un cadrado pequeniño
no que te cortes para sempre.

Infindo

Alexandra Padín González *(Lydia Vance)*



2º premio da 2ª categoría

O pasar do tempo
é sinónimo de morte:
cada intre perdido achéganos ao fin
sen esperanza dunha posíbel alternativa
E nós
afundidos na inconsciencia,
sen deternos na procura
dunha felicidade estática,
seguros do noso presente

Canta inxenuidade

Mentres
adoecen os días
adoecen as persoas
nun perpetuo solpor
con devezo de algo máis
Nesta cidade
que se desborda de xente
de asfalto
de ruído
        de amor
na que o tempo esvara
enferma
e nos alinea
e onde non hai cabida para a compaixón

Mais aínda
confluíndo con ese tempo evanescente
síntome eterna:
        eu
afastada para sempre
na memoria invisíbel
da nosa terra

        viva.

Mare

Lara Porto Mato *(Cabaliño de buxo)*



3º premio da 2ª categoría

Camiñabas polas rochas da vida.
Saltabas entre a xente
por ver se así eras quen de verme.

Mudabas de roupa co fin de sorprenderme
e pretendías falar todos os días do ano.

A base de tentalo conseguiches
que eu, mar lonxe
estivese prendida de ti.

Que me deixase facer
pequenos lagos
na túa area.

Agora xa non son quen de ver
a diferenza.
O límite entre o mar e a area.

Pero a razón é simple,
agora xa non hai límite.

Somos un mesmo todo
estamos en harmonía cos amenceres
somos a luz que tingue todo.

E o máis importante de todo
é que somos quen de vernos,
dende a distancia
dende un miradoiro.

E iso
provoca
Que esteamos máis unidos.

(máis aínda)

Desexo

Natalia Alonso Ramos *(Óbice)*



1º premio da 3ª categoría

I

déixate levar pola nobre misión do desacougo

percibe o útero
coma se fose o agasallo máis breve
e máis lonxevo
canta todas as historias que nel se refuxian
canta as escamas dos peixes
ou os sucos que percorren as follas das árbores
cantas as marcas da vellez
canta a lisura da inocencia

II

(ela nunca comprendera a xenreira das ortigas
camiñaba cos pés espidos
sobre un xardín a bravo
e coidábase moito de non pisar a languideza das flores)

déixate levar pola nobre misión do desacougo

(ela descoñecía o sabor da caverna
o tacto humedecido polo réptil)

III

a auga en realidade
nunca logra saciar a sede

desexo é un baile que non cesa
desexo é un baile que se pode bailar sen música
desexo é un baile que se pode bailar sen bailar

movementos pendulares

unha mosca fende a hora da sesta
ao lonxe estoura o ladrido dun can

se lle dou a volta a este reloxo
a area volverá deslizarse polo seu interior

(déixate levar pola nobre misión do desacougo)

Atraídos por un choque de feromonas

Cruz Martínez Vilas *(Vagalume)*



2º premio da 3ª categoría

Sabes que, aínda que o pareza
isto non é unha asociación imperfecta
pois, mentres ti ficas de xeonllos
cara o meu embigo
eu, anégome como unha lagoa
no mes de inverno
ante a proximidade, a certeza do concúbito
Se che parece, achegareime a ti
coa ansia dunha namorada
E ti, se queres, acólleme
pois eu, estou en posición
pendente dun apaño
A verticalidade neste instante
semella unha opción inevitábel
Entre os nosos corpos
non existen ocos que nos afasten
e ámote!

É posíbel que sexamos dous estraños
atraídos por un choque de feromonas
mais iso, é o de menos
Así que, déixate quedo á espera e úleme
pois o meu corpo arrecende a mazá
Ben o sabes
Tentemos á sorte e fagamos o amor

enriba do tendido eléctrico
Eu estarei limando mentres agardo
Limos brincadores executan danzas preliminares
Os pimpíns improvisan unha melodía quente
nas gallas do vello bidueiro
e eu cravareiche os dentes
para sentir na boca o gusto dos teus fluídos
Multiplicaránseme os bacilos no organismo
e morrerei de gusto

Mais, así a todo
Procurarei non perder a garantía, amor
pois, se se dá o caso
sempre podo cambiarte por un candeeiro
que me ilumine os días de menos sol

Amantes de maínzo

Xosé Daniel Costas Currás *(Johán Lourido)*



3º premio da 3ª categoría

amante i.

chameite ao fondo da cidade e preguntei por ti
entre toxos e cigarros finxidos e escoitei o lume
entre Picassos
nun ir e vir de buracos.

aprendín a mirarte e quererte en silencio.

as túas coxas penetran onde as nosas linguas buscan fronteiras
[pola epiderme.
eu quería saber da sismografía de beizos húmidos
e viaxes de ir chegando ao interior do útero.

amante ii.

o teu cabelo difunde en min especial atención á nosa lingua
ela dicía:
sodes e falades de tantas cousas que baleirades o mundo ao redor.

renunciaremos a filtrar as cinzas cheas de interiores.

toda a ausencia de ti que teño é tan só
o que teño de ti.
non están as palabras tan estreitas
na túa gorxa coma comigo.

amante iii.

non chames a ninguén da páxina interna da túa face
e funde / pelexa / afoga / lembra / cada intre no teu nome.

ocúltate tras da falta de sintaxe e agarda a que eu fale para
[impedirmo.

ondula o teu cabelo
e deixa atrás a pulcritude do pescozo.

ela chega falando unha lingua que ninguén coñece
sendo tan única coma si mesma.

queríate preto
cando explicas o dominio real dos polinomios.

amante iv.

eu ardendo sen dominio.

calquera función até a túa boca
provoca a lingua na humidade contraria.

se o teu corpo non me esquece
digo:
o amor é tan só un corpo colectivo en individualidade.

o silencio é a transición
nun espectáculo onde os ollos importan.

amante v.

a república dos teus ollos fía a miña tea experimental
con ela posta sobre min.

soñei coas paredes do teu útero percorridas nun bombeo.
matriz de nai á espera dun transplante de cornea pechada.

e como medir do ventre a altura
para encher o teu forxado de materia salgada
e mans que desertan no silencio
e transcorren nun traspaso de saliva.

todo o sangue morto que se pousa
nas paredes sinxelas da matriz efervescente
transformouse en espiras de maínzo
que agardan a palabra doce dunha noite compartida.